

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE E O CONCELLO DE VILALBA PARA A XESTIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR NUN CENTRO EDUCATIVO RADICADO NO CONCELLO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación e Universidade,

DECLARA:

Que a Consellería de Cultura, Educación, e Universidade ten previsto formalizar co Concello de Vilalba o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue os cursos escolares 2022/2023 e 2023/2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases da colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, e Universidade e o Concello de Vilalba para a xestión e organización do servizo de comedor escolar na EEI de Vilalba, código de centro 27014094, radicado neste concello.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O Concello de Vilalba, dadas as súas características xeográficas e sociodemográficas, é o concello no que está radicado a EEI de Vilalba e polo tanto, trátase da administración pública máis próxima á comunidade educativa deste centro.

Para o desenvolvemento deste proxecto non é posible promover a concorrência pública ao estar motivado por razóns de interese social, xa que o servizo educativo de comedor escolar ten un carácter complementario, compensatorio e social, especialmente destinado a garantir a efectividade da educación obrigatoria dentro dos principios de igualdade e solidariedade.





Así mesmo, concorre nestes centros de ensino público radicados no concello unha problemática singular, non extrapolable a centros educativos existentes noutros concellos galegos, dada a demanda e necesidades esgrimidas pola comunidade educativa no sentido de que este recurso educativo complementario sexa xestionado a través do concello para os cursos 2022/2023 e 2023/2024.

No caso do referido expediente, escóllese a fórmula que se adapta ás especificidades das actividades concretas a desenvolver polo Concello de Vilalba, o cal solicitou expresamente a colaboración da administración autonómica, en razón ás circunstancias previas de xestión do comedor escolar da EEI de Vilalba, radicado neste concello, logo de obter previamente o acordo coa respectiva ANPA sobre a xestión municipalizada dos servizos, circunstancia que determina o específico tratamento articulado mediante este convenio a asinar entre a consellería e o concello.

Por outra banda, esta proposta está contemplada na planificación anual efectuada pola Secretaría Xeral Técnica da consellería, fundamentada en asinar convenios para a xestión de comedores escolares con todos os concellos que o solicitaron, e cumpre todos os criterios obxectivos para a súa concesión.

A elección do procedemento de concesión directa das axudas, previstos na normativa vixente en materia subvencional, pertence indiscutiblemente ao ámbito competencial propio do órgano xestor. Efectivamente, soamente corresponde ao xestor elixilo por razóns de oportunidade en razón ás situacións dadas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non se poden satisfacer axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, nin mediante outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que así conste, asino esta memoria en Santiago de Compostela

